



3º e 4º

"Mortíña. Unha historia para esmorrallarse de risa"
Barbara Cantini,
Hércules Edicións

Mortíña é unha nena, pero non é coma as demais; Mortíña é unha nena zombi... á que lle encantaría ter amigos da súa idade cos que xogar.



"Mary, que escribiu Frankenstein"
Linda Bailey e Júlia Sardá
Ed. Impedimenta

A autora narra a vida da escritora cando se cumpren os 200 anos da publicación de Frankenstein.



"25 recetas de SLIME sin bórax"
Adrián Pérez Rama
Hércules Edicións

Éxito asegurado entre os seguidores e seguidoras do slime, ou "blandibú". Contén receitas para elaboralo de cores diferentes, e tamén inclúe trucos e consellos.



"Maruxaina"
Jacobo Paz Limia e Olaya Nveira
Editorial Bolanda

É verán e vai sol. Vas coa túa familia á praia e, buscando cunchas, chegas a unha cova onde atopas un peite de ouro. Ao pasalo polo teu pelo comeza unha tempestade...

5º e 6º




"Os arquivos secretos de Escarlatina"
Ledicia Costas e Víctor Rivas,
Ed. Xerais.

A que xogan os defuntos os xoves pola noite no mausoleo de Escarlatina? Quen foi o verdadeiro asasinado de Amanito? Son moitas preguntas que flotan no ar, entre as tumbas dos defuntos...

"Super Sorda"
CECE BELL
Maeva Young

Ir ao cole e facer amigos pode ser moi difícil. Pero, ir ao cole e facer amigos cando levas un audifono enorme atado ao peito? Para iso fan falta súper poderes!



"365 ideas para construír con ladrillos LEGO."
Daniel Lipkowitz

Inspiración perfecta para crear novos proxectos LEGO e gozar construíndo cada día.

Na Biblioteca estreamos espazo LEGO.

Pode ser un bo momento de poñer a proba a imaxinación!



curso 2018-2019

Recomendacións
de lectura da

BIBLIOTECA
XOÁN FARIAS



BOAS
FESTAS
A
TODOS
E
TODAS





INFANTIL

1º E 2º



"Coas miñas mans"
Pablo Díaz
Sonárbore -Ed. Galaxia

Un novo libro disco de
Pablo Díaz que seguro
che gustará!



"Enanos y mastodontes"
Océano Travesía

Compara o teu tamaño co
tamaño dun elefante,
observa moi perto a cabeza
dun caimán, compara
a túa man coa pata dun oso...

"O lobo con botas"
El Hematocrito e Alberto Vázquez
Xerais

Un conto sobre o consumismo, con
lobos, gatos e xigantes, onde o
Lobiño Feroz é o maior admirador
do Gato con Botas....



"¿Quién es? Cuidado!"
Patricia Hegarty
Ed. Combel

Unha noite de lúa chea, un
camiño polo bosque e unha
misión para un pequeno ratiño:
levar un cesto de comida á súa
avoa, que vive ao final do
camiño. ¡Pero de noite todas as
sombras son sospeitosas!



"Miedo"
Milio I del Nido e Alberto Sastre.
Ed. Pintar Pintar

Un álbum infantil ilustrado para
pasar momentos divertidas cun
libro de suspense e acción que te
enganchará.



"Agora me llamo Luisa"
Jessica Walton e
Dougal MacPherson
Editorial Algar

Martín e o seu osiño protagonizan
unha historia conmovedora, doce
e tenra sobre ser un mesmo.




"Lila, la pequeña libélula"
David Gómez e Carolina Luzón
Editorial Pábilos

Un pequena libélula que, ademais
de rápida e inqueda, é moi
preguntona. Necesita telo todo
controlado, e non lle gustan
nada os imprevistos.



"Monstros con ou
sen consentimento"
Chuches Amil e Manel Gráneo
Sonárbore. Galaxia

Diversidade de estilos musicais
e unhas letras con temática
adaptada para toda a familia.
Un libro para compartir e
para bailar.



CHEGOU A MALETA
DE CHISPA, E CON ELA
OS SEUS DESEXOS...

Se aínda non o atopastes,
buscade ou preguntade
por un libro que vos faga prender esa
"Chispa";

hai tantos libros esperando a ser
descubertos, hai tantas
historias maravillosas
gardadas neles, que só tedes que
descubrir a vosa. A partir dese momento,
voilál, a maxia xurdirá
e xa seredes lectores para sempre!

Lede e seredes distintos,
lede e seredes mellores, lede e
descubriredes novos mundos, personaxes
e historias que vos farán vibrar.

Deséxovos unhas FELICES FESTAS;
sede felices e facede felices
aos que vos rodean.

Á volta das vacacións
estaremos xuntos de novo
para medrar e compartir lecturas,
xogos, proxectos,
buscas do tesouro, recreos,
excursións e moito máis!

BIBLIOTECA XOÁN FARIAS

